

PLAN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2020 /21 IES A BASELLA

1. NORMAS PARA AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES EXTRAESCOLARES DURANTE O ESCENARIO COVID

1A) Programación e organización. Normas de actuación do profesorado

1. A **Programación Xeral Anual do Centro (PXA)**, aprobada polo Consello Escolar ao inicio de cada ano académico, recollerá o **programa de actividades complementarias e extraescolares** (Capítulo III da PXA) que se prevé desenvolver ao longo do curso. Así mesmo, **estas actividades deben figurar na programación de cada un dos Departamentos Didácticos** que as propoñan, e distinguírase entre actividades complementarias e extraescolares.

Para a súa inclusión na PXA, **as/os Xefas/es dos diferentes Departamentos Didácticos deberán presentar ante a Vicedirección do centro, a principios do mes de outubro, un documento a modo de resumo** (ficha de previsión de actividades complementarias e extraescolares) **cos datos relativos ás actividades que se prevén desenvolver** para a elaboración do *Programa anual de actividades complementarias e extraescolares* e **para remitilo ao Consello Escolar do Instituto de cara á súa aprobación.**

Calquera actividade non incluída na PXA deberá obter a aprobación do Consello Escolar do centro para poder ser levada a cabo. Por iso é importante que ante actividades non previstas e que se consideren interesantes, **os Departamentos**

Didácticos presenten as súas propostas coa antelación suficiente ante a Vicedirección do centro.

2. Unha vez aprobadas as actividades a desenvolver, **deberá entregarse ante a Vicedirección do centro**, e sempre coa suficiente antelación, **a seguinte información: a denominación específica da actividade, o nome do Departamento Didáctico que a leva a cabo, a data, horario e lugar previstos para o seu desenvolvemento, o transporte a empregar no caso de ser necesario, o aloxamento previsto (de ser necesario), o custo e fórmulas de financiamento, a listaxe de alumnado participante indicando a etapa e nivel ao que pertence e, finalmente, o profesorado acompañante que colaborará no seu desenvolvemento.**
3. O documento deberá ser o máis detallado e completo posible para poder incluílas no [documento de proposta de actividades complementarias e extraescolares](#)
***Documento 2 e á súa vez na programación anual do centro (* unha vez que se aprobe este documento será de obrigado cumprimento polo claustro, salvo causa debidamente xustificada)**
4. **Calquera actividade non programada** no devandito documento, **que implique a saída do centro, deberá ser aprobada polo Consello Escolar** . ****(non se pode estar celebrando Consellos Escolares continuamente, o que implica ter ben diseñado o plan de actividades por parte cada departamento)***
5. Porén, é lóxico que as posibilidades de actividades vaian xurdindo en determinados momentos do ano. para iso prégase **ó profesor encargado da actividade non programada que avise por escrito a vicedirección** cumprimentando [un documento](#) de propostas de [actividades non programadas](#) que incluírá datos como o nome da actividade, a descripción da mesma , as datas , os profesores acompañantes, o alumnado participante e o horario da mesma
6. O feito de **que as actividades propostas** deban ser incluídas dentro do documento 7 **da PXA, compromete en certa medida ós profesores dos departamentos**

implicados a non cambiar radicalmente as peticións de. cursos que poidan ir, datas, etc

7. Durante a celebración das actividades complementarias que teñan lugar no **centro o profesorado que teña clase / garda co curso que participa na mesma , deberá acudir co seu alumnado ó lugar onde se celebre a actividade e axudar á súa colocación, organización e respecto das normas de comportamento.** * (se o número de profesorado é amplo poderán arranxar turnos de presencialidade entre eles, respectando sempre que haxa dous profesores como mínimo acompañando ó alumnado

8. **Durante a celebración das actividades conmemoracións /periódicas no centro,** por exemplo o entroido, **o profesorado deberá cumprir o seu horario e axudar** nos labores de organización do alunado durante ese día

* **nota: (utilizar a opción "ACTIVIDADES" dentro do XADE para ter gravada unha listaxe das actividades cos alumnos participantes e non participantes nas mesmas informes predefinidos .nº 985**

*

9. **As persoas responsábeis da actividade entregarán en Vicedirección:**
 - o **Relación de alumnos/as por cursos. A listaxe de alumnado participante deberá entregarse ante a Vicedirección con 3 días de antelación** sobre a data prevista para a realización da actividade. Dita listaxe remitirase ao Servizo de Inspección Educativa con anterioridade ao desenvolvemento da actividade.
 - o No caso de actividades que supoñan a saída do recinto escolar de alumnado menor de idade, requirirase a correspondente **autorización escrita e asinada dos seus pai/nai ou representantes legais,** empregando para tal fin o modelo de autorización deseñado dende a Vicedirección do centro, e que se axustará á actividade correspondente.
 - o Nos casos nos que a actividade teña un custo asociado, o profesorado responsable da actividade encargarse de recoller os cartos, de comunicar a cantidade a Vicedirección e de ingresar o diñeiro en Secretaría, **con 3 días de antelación** sobre a data prevista para a realización da actividade.
 - o **Nos casos nos que a actividade teña un custo asociado** e este sexa significativo (por exemplo, no caso de viaxes de varios días), **evitarase que o centro sexa**

intermediario entre familias e empresas asociadas a actividade, ingresando as primeiras directamente o diñeiro na conta das entidades organizadoras. O papel do profesorado organizador será o de informar axeitadamente ás familias e establecer unha data límite nos pagos.

Todas as actividades extraescolares e complementarias deberán respectar os principios lexislativos de:

- **Voluntariedade para o alumnado.**
- **Non discriminación.**
- **Ausencia de lucro.**

Se algún alumno/a non quixera ou non tivera permiso dos pais para participar nunha actividade, a dirección arbitrará o máis adecuado para atendelos.

OUTROS ASPECTOS A CONSIDERAR:

- Os transportes serán contratados, por norma, por Vicedirección.
- O profesorado organizador das actividades encargárase da xestión de programas e axudas relacionadas.
- Todas as actividades, así como o alumnado participante nas mesmas, serán expostas na sala de profesoras/es con tempo suficiente para o coñecemento xeral do profesorado, e co fin de evitar interferencias coas actividades lectivas ordinarias ou con outras actividades complementarias e extraescolares.
- **O profesor encargado da actividade debería cumprimentar unha breve memoria da actividade , (con soporte gráfico: Fotos, vídeos),** coa finalidade de poder incorporala ás memorias fiáis propias de Departamento e Á memoria de actividades realizadas no centro. A este fin, cubrirase e o modelo de recensión proposto desde Vicedirección. Igualmente, de existir imaxes da actividade, entregárase unha copia das mesmas a Vicedirección. Tal **actuación facilita ó encargado da páxina WEB do instituto a súa difusión en tempo e forma**
- . As/Os docentes acompañantes percibirán as oportunas **dietas de custo e locomoción**, segundo o caso, sempre que a duración de actividade sexa superior a

media xornada e os gastos non estean xa incluídos no financiamento da propia actividade.

. Lexislación aplicable:

- [Decreto 324/1996 Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria \(ROC\) Artigos 61 a 70](#)
- [Orde 1-8-97 Desenvolvemento do Decreto anterior.](#)

B) Normas de actuación do alumnado

1. Durante a realización das actividades complementarias e extraescolares observarase o respecto ás normas xerais de convivencia do centro recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento recollidas no PEC (Proxecto Educativo de Centro). Aquel alumnado con un comportamento contrario a ditas normas poderá ser privado de participar neste tipo de actividades.

Porén, o profesorado acompañante poderá establecer normas específicas para cada actividade ou saída, co obxecto de facilitar a organización da mesma, garantir o cumprimento de horarios e manter a disciplina e as boas formas.

No caso das viaxes de estudo, se o comportamento dunha/dun alumna/o fose considerado como excepcionalmente grave polo profesorado acompañante, poderá suspenderse definitivamente a súa participación na viaxe, comunicándollo aos seus pai/nai ou representantes legais para que se encarguen de recollela/o no aeroporto, estación de tren ou de autobuses máis próxima, e facéndose cargo dos gastos de transporte ocasionados.

2. Tanto as visitas culturais como as actividades programadas durante o desenvolvemento das actividades complementarias, extraescolares, e/ou viaxes de estudo son obrigatorias para todas/os as/os participantes nas mesmas.

3. En calquera caso, non poderán realizarse probas de avaliación nas datas en que se celebren ditas actividades complementarias e/ou extraescolares.

O alumnado que non queira ou non poda participar nunha determinada actividade complementaria e/ou extraescolar estará ao cargo do profesorado que lle corresponda segundo o seu horario lectivo ordinario durante o tempo de realización da mesma.

4. Toda actividade complementaria e extraescolar que se realice durante o horario lectivo ordinario, xa sexa dentro do propio recinto escolar ou na localidade na que se localiza o centro (de non precisar transporte), procurarase que sexa de carácter gratuíto para o alumnado e de interese xeral para todo o grupo.

5. Antes de saír do centro para a realización dunha actividade deberase pasar lista para comprobar que está todo o alumnado participante na mesma e deixarase constancia das incidencias e variacións na lista de participantes na actividade que se poidan producir. No caso de faltar algunha/gún das/os alumnas/os inicialmente inscritas/os para a actividade, comunicarase tal circunstancia ao profesorado-titor correspondente e informarase aos seus pai/nai ou representantes legais.

6. O profesorado acompañante notificará á Xefatura de Estudos do centro calquera incidencia que se produza durante o desenvolvemento da actividade e, cando se trate dunha saída fóra do centro, estará localizable nun teléfono móbil co fin de poder recibir ou transmitir os posibles avisos que se poidan producir.

7. O profesorado afectado no seu horario lectivo pola falta de alumnado nos grupos que participan nunha actividade complementaria e extraescolar deberá permanecer no centro e colaborar nas tarefas de garda nas horas afectadas, cumprindo en todo momento o seu horario de traballo ordinario.

8. Cando se organicen dentro das instalacións do centro actividades complementarias e/ou extraescolares que afecten a todo o alumnado dun ou varios grupos suspenderanse as actividades lectivas ordinarias dos mesmos, así como as posibles probas de avaliación que coincidan co desenvolvemento de ditas actividades.

O profesorado que tivese clase co alumnado participante na actividade complementaria e/ou extraescolar organizada, deberá acompañar ao seu grupo durante o desenvolvemento da mesma.

No suposto de non suspenderse as actividades lectivas ordinarias, por non verse afectada a totalidade do alumnado do grupo ou grupos afectados, non poderán desenvolverse probas de avaliación.

C) Financiamento:

1. Para o financiamento dos gastos ocasionados pola realización das actividades complementarias e extraescolares, o centro empregará os seguintes medios de cara a obter os recursos económicos necesarios, e sempre logo da oportuna aprobación por parte do Consello Escolar do centro:
 - o A cantidade aprobada polo Consello Escolar procedente da asignación que o centro recibe da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en concepto de gastos de funcionamento.
 - o As cantidades procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que poidan asignárselles aos centros con carácter específico para o desenvolvemento deste tipo de actividades.
 - o As cantidades procedentes de asociacións ou calquera ente público ou privado.
 - o As cantidades procedentes da dotación anual dos diferentes Departamentos Didácticos no caso de actividades complementarias das materias impartidas polos mesmos, e que deben estar incluídas na programación anual de cada departamento.
 - o As achegas realizadas polos usuarios:
 - o O custo do transporte en actividades que supoñan desprazamento a outra localidade correrá a cargo do alumnado participante, a non ser que o subvencione algunha entidade pública ou privada. Deberase optimizar o número de alumnas/os por autobús, ofertando a actividade a outro alumnado para o que poida ser de interese, ou implicando cando sexa factible a varios Departamentos Didácticos, co fin de que o alumnado asuma o menor custo posible.

- o Tamén costeará o propio alumnado outros gastos adicionais tales como entradas, guías turísticos etc.
 - o Cando unha/un alumna/o realice unha achega para unha determinada actividade complementaria e/ou extraescolar e, posteriormente, por un motivo xustificado non poda participar na mesma, devolveráselle o diñeiro aportado sempre que sexa posible. Non se fará dita devolución de non existir un motivo razoable e convenientemente xustificado.
2. O centro asumirá os seguintes gastos, do orzamento asignado a gastos de funcionamento:
- o As dietas do profesorado en saídas dun día, no caso de ter que pagar unha comida, así como en viaxes de máis dun día. O Centro aboará a cada profesor/a acompañante 18,70€ no caso de saídas dun día e entre 37,40€ e 103,37€ por día no caso de viaxes de máis dun día de duración en función de factores como viaxes ao estranxeiro, comidas e ceas, transportes, entradas a museos etc.
3. O 50% aproximadamente do transporte para as actividades extraescolares dun día que o requiran. Ou ben unha aportación para imprevistos, entradas, obradoiros etc. de actividades extraescolares cunha duración maior a un día lectivo.

2. CENTRALIZACIÓN E DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN

- A Vicedirección establecerá un CRONOGRAMA SEMANAL E MENSUAL das actividades previstas coa fin da súa difusión pública á comunidade escolar e para evitar solapamentos de datas, **horas, cursos, e profesorado disponible** . *
Para poder facelo correctamente, é imprescindible que o profesor / departamento que propón realizar a actividade (presencial ou non no centro), avise con antelación ó Vicedirector para que este poda coordinar o conograma de actividades correctamente. **O aviso deberá ser comunicado á**

Vicedirección con 20 DÍAS DE ANTELACIÓN con respecto á data de celebración da actividade como máximo como máximo

- O Vicedirector creará un **portal informativo na páxina WEB do instituto** , (ó estilo da Basella Online), onde apareza a información actualizada sobre todas as actividades programadas por semana e mes, que estará a disposición da comunidade educativa
- **A información sensible: nome dos alumnados participantes, enderezos, teléfonos, etc, non será consignada nese portal** senón nun repositorio online seguro a efectos do uso de datos
- Ademais de no devandito portal. a información sobre actividades e o Cronograma / Calendario das mesmas será enviado por correo electrónico ós membros do claustro e será colgado en taboleiros situados en zonas claramente visibles no centro, ademais de na pantalla de TV disponible

3. AUTORIZACIÓNS PARA AS SAÍDAS EDUCATIVAS

- Revisaranse os modelos de autorización existentes no centro tanto para saídas dun día coma para as de maior duración

4 AUTORIZACIÓNS DE USO DE APARELLOS MÓBILES

- Sempre que sexa posible cubrirase un modelo de proposta de uso de aparellos móbiles para calquera actividade educativa realizada no centro. O motivo é o de estar cubertos ante calquera eventualidade de uso indebido dos mesmos

5. PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA O VINDEIRO CURSO

a) Biblioteca:

- o Actividades relacionadas co PDI
- o Actividades de dinamización, que poden coincidir coas conmemoracións expostas no Calendario escolar ou non

****suxerencia: ACCESO A PLATAFORMAS DE CONTIDOS CULTURAIS:

o 1A) FILMIN:

Plataforma que ofrece en streaming cine e series de calidade por 10 euros ó mes en dous dispositivos
<https://www.filmin.es/>

o 1b) FIESTRA:

Plataforma que inclúe contidos audiovisuais feitos en Galicia e unidades didácticas para traballalas na aula: Prezo: gratis os tres primeiros meses. partir do cuarto mes son 50 euros anuais
<https://fiestra.gal/>

o 1c) GaliciaLE. :

Fantástico proxecto artellado hai uns anos por Cultura no que se fixo un esforzo importante por recopilar un catálogo de cine, curtametraxes e libros en galego para poder disfrutar deles a través dunha plataforma. Porén. (O tema está en vías de solución, pero non sabemos para cando
<https://www.galiciale.gal/>

o 1d) PLATAFORMAS DE AUDIOLIBROS

<https://www.esquire.com/es/actualidad/libros/a26384271/audiolibros-plataformas-storytel/>

o 1e) PLATAFORMAS DE PODCASTS

<https://podcastgratis.com/mejores-apps-podcast-gratis-2020/>

B)RADIO ESCOLAR:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/31994>

C) CONMEMORACIÓN S CALENDARIO ESCOLAR:

(* Escoller as mais interesantes)

- **30 outubro : Halloween**
- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- **25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.**
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- **10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.**
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- **30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.**
- **8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.**
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase
 - na aula con xornais.
- **7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.**
- **Entre o 19 ao 23 de abril de 2021: Semana do Libro.**
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- **MAIO 2021: Semana cultural ; Que incluírá a exposición dos traballos realizados para o PDI, así como todo tipo de manifestacións artísticas e culturais propostas polos Departamentos**
 - Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
 - **5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente.**

OUTRAS ACTIVIDADES

- **MAIO 2021: Semana cultural ; Que incluírá a exposición dos traballos realizados para o PDI, así como todo tipo de manifestacións artísticas e culturais propostas polos Departamentos**
- **Dinamización Páxina web**

- o **Radio escolar**
- o **Progamas de intercambios con profesorado / alumnado doutros países (EN REDE)**
- o **Participación nun proxecto etwinini E-TWINNING**
- o **Charlas coordinadas co DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN para alumnos e, no seu caso, para profesores e familias.**
- o ***Día da música***
- o ***Día LGTBI***

3. **Actividades vencelladas á datas significativas para os departamentos:**

(Exemplos)

- o **Día do libro**
- o **Día de Shakespeare**
- o **Día da Auga,**
- o **Día do medio ambiente**

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES COMÚNS PARA O VINDEIRO CURSO

Neste apartado recollemos outras posíbeis actividades que non son avaliadas que contan cunha participación voluntaria do alumnado, aínda que a miúdo contribúen tamén á formación deste.

- o **Actividades de Nadal e Entroido. (Organizadas por vicedirección co apoio do profesorado?)**
- o **Festa de fin de curso.**
- o **Acto graduación 2º Bacharelato**
- o **Proxección de curtas ou películas e representacións teatrais ou musicais.**
- o **Actividades deportivas e musicais .**

- o **Semana temática ou cultural.**
- o **Visita ao centro de persoeiros (escritores, actores, investigadores...)**
- o **Charlas de antigos alumnos**
- o **Colaboración EOI**
- o **Colaboración Cine Clube Ádega**
- o **Educación na Maxia**
- o **Educación no Swing. Taller de baile**
- o **Creación de grupo Batucada no centro**
- o **Invitación / Contratación bandas de música de antigos alumnos ós actos**
- o
- o

MODALIDADE DE ESCENARIO SEN COVID

- o **O nº de profesores acompañantes será: un profesor/a cada 15/ 20 alumnos.**
- o **Débase evitar a coincidencia de tres ou máis saídas no mesmo día, por problemas de gardas e desatención do alumnado**
- o *******É particularmente importante que se consignent as actividades que implican a pernocta fóra do centro durante varios días: (excursións "longas").**
- o **As viaxes de estudos longa de referencia deberán celebrarse por niveis**
- o **Priorizaranse as viaxes de estudos de fin de ciclo (2º e 4º da eso, 2º bach?)**
- o **se poidese ter unha continuidade de varios anos, mellor, senón, polo menos que cada viaxe longa quede definida desde o principio de curso por niveis**
- o **celebrar reunión cos departamentos interesados a principio de curso para decidir sobre o tema) * (incluír no calendario de setembro proposto por sofía)**
- o **Na medida do posible debería evitarse a mestura de varios cursos nua mesma "saída longa" para non interrompirla o desenvolvemento escolar do centro e por motivos de organización de clases/profesorado**

o

(**hai que ter en conta que , **legalmente**, mentres parte do alumnado dun curso estea disfrutando dunha actividade externa, o resto do alumnado do curso que non participou na actividade **NON DEBERÍA TER CLASE**) *(CONFIRMAR ESTE EXTREMO*

***IMPORTANTE: DECIDIR SE AS SAÍDAS "LONGAS " DEBEN CELEBRARSE SIMULTANEMENTE NAS MESMAS DATAS OU NON:**

- o **A favor:** O calendario de actividades do centro está máis organizado. Durante esa semana sábese que a vida escolar do instituto estará baixo mínimos en diversas asignaturas
- o **En contra:** Implica ausencias numerosas de profesorado , o que implica sobrecarga de traballo de gardas / organización dun horario específico para agrupar os alumnos que non participan das excursións

- **MODELOS DE DOCUMENTOS PARA EMPREGAR :**

3. EXEMPLO DE PROPOSTA DE ACTIVIDADES POR DEPARTAMENTOS (copiado do IES Monte da vila do Grove)

Para o ano académico 2019–2020 no IES Monte da Vila está prevista a organización e participación en diversas actividades complementarias e extraescolares organizadas polos diferentes Departamentos Didácticos.

Ademais, a nivel de centro, dende a Vicedirección do mesmo organizarase o disposto na táboa e colaborará coas actividades que se propoñan dende o equipo da Biblioteca e Normalización.

Vicedirección

Actividades propostas pola Vicedirección do centro		
1º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
de outubro	actividades de nadal (mercadillo solidario)	Alumnado seleccionado
15 de novembro	Celebración do Magosto	Todo o alumnado
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
21 de febreiro	Festival de Entroido	Todo o alumnado
3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Do 14 ao 17 de abril	Semana cultural	Todo o alumnado
Do 2 ao 9 de maio	Viaxe de fin de curso	Alumnado de 4º de ESO

Biblioteca

Actividades propostas polo Equipo da Biblioteca de Centro curso 2018-2019		
1º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
	Obradoiro de restauración e forrado de libros	Todos
	“Coñece a biblioteca”. Información de como funciona a nosa biblioteca	Todos
	Creación dun equipo de voluntariado	Todos
	Suxestión de lecturas	Todos
	Club de lectura de cómic	Todos
	Club de lectura para 1º e 2º de ESO	

	Obradoiro de cómic	
	Transformación do espazo da biblioteca	
	Impulsar e seguir co blog da biblioteca	
	25 de Novembro. Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Diferentes actividades	Todos
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
	II Festival Montenegro de Arte e Novela Negra. Actividades e exposicións	Todos
	Encontros con escritores, ilustradores ou contacontos	Todos
	Obradoiro de banda deseñada e ilustración	
	Andaina por espazos literarios	
	Concurso de poemas, e obradoiro de iniciación á poesía	Todos
	Suxestións de lecturas	Todos
3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
	23 de abril. Lectura dun libro	Todos
	Xogos de busca literaria e animación lectora	Todos
	Suxestións de lecturas.	Todos
	Exposicións.	Todos
	Scape Room	Por determinar

Novidades:

- Booktubers
- Creación dun/s marcapáxinas
- Creación dun exlibris.
- Poñer en marcha un club de lectura
- Poñer en marcha un club de escritura (relatos breves)
- Creación dun espazo na biblioteca para “novedades”
- Creación dun espazo na biblioteca para o club de lectura.
- Creación de espazos fora da biblioteca.
- E moitas cousas mais.

Dinamización

Actividades propostas pola Equipa de Dinamización da Lingua Galega		
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as

Febreiro de 2020	Concurso de cartas de amor non romántico (IES Monte da Vila)	Todos
3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Abril de 2020	Rapgueifa (IES Monte da Vila)	4º ESO
Maio de 2020	Correlingua (Pontevedra)	1º ESO

Departamento Bioloxía e Xeoloxía

Actividades propostas polo departamento de Bioloxía e Xeoloxía		
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Xaneiro	Conferencia da Organización Nacional de Transplantes (ONT) sobre a problemática dos transplantes de órganos.	4º ESO (Bioloxía)
Marzo	Visita á EDAR (Estación Depuradora de Augas Residuais) de O Grove	1º ESO (A, B e AB)
Marzo	Visita ao Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela	1º BACHARELATO (Bioloxía)
3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Abril	Observación de aves da Enseada de O Vao e visita á Aula da Natureza de Siradella.	1º ESO(A, B e AB)
Abril	Visita aos museos científicos de A Coruña: a Casa das Ciencias, a Domus e o Aquarium Finisterrae. Esta saída poderá facerse en colaboración cos departamentos de Física e Química e de Tecnoloxía coa visita ao Muncyt.	3º ESO (A, B e C)
Maio	Visita a Cortegada: ruta micolóxica, rutas de sendeirismo, etc.	1º ESO(A, B e AB)
Maio	Ruta xeolóxica co xeólogo Fran Canosa pola zona de Lanzada - Montalvo.	1º BACHARELATO (Bioloxía)

Departamento de Comercio

Actividades propostas polo Departamento de Comercio		
1º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as

06/11/2018	Obradoiro dentro do Programa Cores da Escola Galega de Consumo a desenvolver en Santiago de Compostela e visita ao centro comercial As Cancelas	1º e 2º FPB
Decembro	Charla sobre consumo responsable no Nadal no IES na hora de titoría. A impartir por persoal da Escola Galega de Consumo.	
3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Sen determinar	Congreso de FP. Lugar: sen determinar por la Consellería	1º e 2º FPB

Departamento de Debuxo

Actividades propostas polo Departamento de Debuxo		
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Segunda quincena de febreiro	III festival Montenegro de Arte e Novela Negra	Todos os alumnos do centro. En especial 4ºESO e 1º e 2º De BAC:
3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Dependendo das mareas Maio (Xuño)	XVI Esculturas de area	3º, 4ºESO +1º BAC
	VI Iniciación as esculturas de area	1º e 2º ESO

As actividades extraescolares posibles para este curso sen data coñecida son as seguintes:

- ☐ Participación en concursos relacionados coa propia materia o con outras áreas onde se poña en práctica o aprendido nas clases
- ☐ Participación nas diferentes actividades realizadas e organizadas polo centro e que estean relacionadas coa materia e cos temas transversais.
- ☐ Visita a algunha exposición que se celebre na localidade y que sexa de interese para o alumnado.
- ☐ Outras visitas fóra da localidade e que, da mesma maneira, estean relacionados coa materia e cos temas propios de cada curso.
- ☐ Preparación de exposicións no recinto escolar e se fora posible nalgunha sala da localidade ou fora desta.
- ☐ Saída a unha localidade ou espacio cercano para a realización de talleres e/ou unha reportaxe (Vídeo-fotografía).
- ☐ Actividades complementarias dentro do centro dun día ou de varias horas. A miúdo un taller ten que ter unha consecución temporal seguida, polo que se organizarán actividades que amplíen os obxectivos das materias. Estas

actividades poden estar vinculadas tamén a outros departamentos polo que, si é o caso, pedirase a súa colaboración (actividades artesanais, cómic, etc).

- ☒ Participación xunto cos demais departamentos da semana cultural.

Saídas culturais de varios días a unha cidade Europea como Londres, París, Roma, etc. Ou unha dentro da península como Madrid, Barcelona, Bilbao, León, Cuenca, Segovia, etc. para visitar exposicións e facer diferentes actividades.

Departamento de Economía

Actividades propostas polo departamento de Economía		
1º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Pendente de confirmación co Xerente do acuario de o Grove	Talleres de traballo por proxectos sobre a industria do Mar en colaboración co acuario de O Grove.	4º ESO da materia de IAEE
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
4 febrero	Visita á empresa "Nestlé" en Pontecesures	2º Bach.
Pendente confirmación	Visita a cooperativa de mexillón Amegrove	2º Bach 1º Bach 4º Eso
Pendente confirmación	Visita guiada a Bodega Martín Codax	2º Bach 1º Bach 4º Eso
Pendente confirmación	Visita ao centro loxístico do Polígono de Sigüeiro (Vegalsa, Televés, Gamesa...)	2º Bach 1º Bach
3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
14-30 de Abril	Visita guiada ao porto de Vigo. (Zona de Pesca, contenedores e Coches)	4º ESO 1º Bach 2º Bach.
14-30 de Abril	Visita guiada ao museo Anfaco da industria Conserveira e as instalacións de CECOPECA.	1º BACH (Ampliable en función do nº máximo de alumnos permitido).
Pendente de confirmación pola entidade organizadora "LA CAIXA"	Participación no concurso de xóvenes emprendedores Young Bussines Talents de la Caixa. Posibilidade de realizar viaxe a Madrid para a defensa do proxecto se sae elixido (Habitual)	1º Bach 2º Bach. 4º ESO
Pendente de confirmación	Visita o IGE e ao IGAPE en Santiago de Compostela	2º Bach 1º Bach

Departamento de Educación Física

Actividades propostas polo departamento de Educación Física		
1º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
15 NOVIEMBRE	CROSS ESCOLAR (XOGADE-PROXECTA), Portas (Azucareira).	1º ESO
OUTUBRO-NOVIEMBRE	FÚTBOL GAÉLICO	Por determinar
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
XANEIRO	SEMANA BRANCA, ANDORRA	3ºESO, 1ºBACH, FPB
2º TRIMESTRE	PLOGGING (relacionado con Mare Mécum), praias do Grove.	3º e 4º ESO
2º TRIMESTRE	CARREIRAS DE ORIENTACIÓN (XOGADE-PROXECTA)	2ºESO
3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
MAIO	COMPETICIÓN DE DRAGON BOATS (BERDUCIDO, PONTEVEDRA)	2º ESO
MAIO	DÍA DA EDUCACIÓN FÍSICA NA RÚA (O GROVE)	3º, 4º ESO
ABRIL	CAMPAMENTO POLIDEPORTIVO	1ºESO
MAIO	RAFTING	2º ESO
XUÑO	REMO	1º,2º,3º,4º ESO

Departamento de Física e Química

Actividades propostas polo departamento de Física e Química		
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Finais do 2º trimestre ou inicios do 3º (coincidindo, de ser posible, coa semana cultural)	Excursión ós museos coruñeses (casa das ciencias, MUNCYT...). Realizarase en colaboración co Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.	3º ESO

Departamento de Francés

Actividades propostas polo Departamento de Francés		
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Do 18 ao 23 de marzo	Viaxe a París	1º e 2º de BACH

Departamento de Inglés

Actividades propostas polo Departamento de Francés		
--	--	--

3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Do 2 ao 9 de maio	Viaxe a Dublín	2º e 4º de ESO

Departamento de Latín

Actividades propostas polo departamento de Latín		
3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Mediados de abril	Asistencia a unha representación teatral grecolatina celebrada en Lugo (organizada pola sociedade española de estudos clásicos) Visita (guiada ou non) á cidade de Lugo	3º ESO C/B de Cultura clásica, aínda que tamén podería incluírse ao alumnado doutros departamentos.
Sen data	Visita ao Museo de Pontevedra.	3º ESO C/B de Cultura clásica, aínda que tamén podería incluírse ao alumnado doutros departamentos.

Departamento de Lingua Castelá

Non hai actividades suxeridas por parte do departamento.

Departamento de Lingua Galega

Non hai actividades suxeridas por parte do departamento.

Departamento de Matemáticas

Actividades propostas polo departamento de Matemáticas		
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Xaneiro	Olimpiada Matemática AGAPEMA, Pontevedra	2º ESO
Febreiro	Visita Imatxina, Vigo	1º ESO
Marzo	Canguro Matemático, Centro	ESO, Bacharelato

Departamento de Música

Actividades propostas polo departamento de Música		
1º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as

Outubro -Novembro	Obradoiro de percusión con refugallo	2º, 3º
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Febreiro	Obradoiro de Hip hop	4º, 1º Bach

Departamento Orientación

Actividades propostas polo Departamento de Orientación		
1º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Centro de información da muller	Obradoiro de educación afectivo sexual.	Todos os niveis da ESO
Técnico da Concellería de Medio Ambiente	Conciencia Medio Ambiental	FPB e alumnado seleccionado
Enfermeiras/médico de emerxencias	Prevención de riscos	Todos os niveis ESO/CM
Garda civil	Programa director (Charla informativa sobre a protección na rede)	1º e 3º ESO. FPB. Familias.
SPAD (O Grove)	Charla sobre drogodependencias	Familias.
Instituto Galego de Consumo	Charla sobre consumo responsable de cara ao nadal.	1º,2º,3º,FPB1
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Asociación Avante	Intelixencia emocional	Todos os niveis ESO/FPB
Asociación Avante	Educación para a saúde	Todos os niveis ESO/FPB
Orientadora laboral	Orientación laboral Concello do Grove	4º ESO/FPB1-2
Representante FEUGA	FEUGA	CM
Relatores universitarios	Charla das Universidades Públicas de Galicia	2º Bacharelato

Departamento de Relixión

Actividades propostas polo departamento de Relixión		
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Febreiro- Marzo	Visita a catedral de Santiago e museo das peregrinacións.	1º e 2º ESO
3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Abril-maio	Visita a Coruña: Colexiata de Santa María e museo de arte sacro.	3º,4º ESO e 1º e 2 BACH

Departamento de Tecnoloxía

Actividades propostas polo departamento de Tecnoloxía		
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Solicitar a data	Visita ao parque eólico de Sotavento	3º ESO

Solicitar a data	Visita a ENCE	2º ESO
------------------	---------------	--------

Departamento de Xeografía e Historia

Actividades propostas polo departamento de Xeografía e Historia		
2º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Febreiro	Visita ao Pórtico da Gloria (catedral de Santiago de Compostela)	2º BAC (Hª da Arte)
Marzo	Visita ao Museo Massó (Bueu)	4º ESO / 1º BAC (B/C)
Marzo	Visita a unha fábrica conserveira na área do Grove	3º ESO
Marzo	Viaxe a París	2º BACH
3º Trimestre	Actividades	Destinatarios/as
Abril	Visita ao Museo das Minas de Fontao (Vila de Cruces)	1º BAC (B/C)
Finais de abril/maio	Visita ao PAAR de Campo Lameiro	1º ESO
Finais de abril/maio	Visita á Casa Grande de Xanceda (Mesía)	1º ESO
Finais de abril/maio	Visita ao mosteiro de Carboeiro e á ferverza do Toxa (Silleda)	2º ESO

6. TEMPORALIZACIÓN XERAL DE ACTIVIDADES

Me s	L	M	MI	X	V	S	D	NºS	Contidos
s							1	1ª	
e	2	3	4	5	6	7	8	2ª	
t	9	10	11	12	13	14	15	3ª	
e	16	17	18	19	20	21	22	4ª	
m	23	24	25	26	27	28	29	5ª	
b	30							5ª	
r									
o		1	2	3	4	5	6	6ª	
u	7	8	9	10	11	12	13	7ª	
t	14	15	16	17	18	19	20	8ª	Visita á aula de natureza Siradella
u	21	22	23	24	25	26	27	9ª	Fútbol gaélico
b	28	29	30	31				10ª	Obradoiro de percusión
r									
o									
n					1	2	3	10ª	
o	4	5	6	7	8	11	12	11ª	Visita ao centro galego de consumo
	11	12	13	14	15	16	17	12ª	Magosto; cross escolar

m a r z o a b r i l							1	26 ^º		
	2	3	4	5	6	7	8	27 ^º	Visita á EDAR; Visita ao museo de H ^a Natural (SdC)	
	9	10	11	12	13	14	15	28 ^º	Visita ao polígono de Sigüeiro; visita ao museo Massó	
	16	17	18	19	20	21	22	29 ^º	Viaxe a París; canguro matemático; visita a conserveira	
	23	24	25	26	27	28	29	30 ^º	Visita á bodega Martín Códax	
	30	31						31 ^º	Visita a Coruña	
			1	2	3	4	5	31 ^º	Observación de aves; teatro en latín	
	6	7	8	9	10	11	12	32 ^º	Visita aos museos científicos da Coruña; rapguiefa	
	13	14	15	16	17	18	19	33 ^º	Semana cultural; visita ao porto de Vigo	
	20	21	22	23	24	25	26	34 ^º	Visita ao Museo Anfaco; visita ao museo das minas de Fontao	
m a i o x u ñ o x u ñ o	27	28	29	30				35 ^º	Campamento polideportivo; Visita ao PAAR	
					1	2	3	35 ^º	Viaxe de fin de curso	
	4	5	6	7	8	9	10	36 ^º	Visita a Cortegada; ruta xeolóxica; correlingua	
	11	12	13	14	15	16	17	37 ^º	Congreso de FP; YBT; visita a Carboeiro	
	18	19	20	21	22	23	24	38 ^º	Esculturas de area; visita ao IGE e IGAPE	
	25	26	27	28	29	30	31	39 ^º	Dragon Boats; rafting; visita á casa grande de Xanceda	
	1	2	3	4	5	6	7	40 ^º	Remo	
	8	9	10	11	12	13	14	41 ^º		
15	16	17	18	19	20	21	42 ^º			
22	23	24	25	26	27	28	43 ^º			

CONMEMORACIÓNS: * **ESCOLLER AS MÁIS INTERESANTES**

PELÍCULAS / SERIES :

1 PELIS:

LES MISERABLES (Marxinación social, thriller, Francés, Literatura universal, Ética)

<https://www.filmaffinity.com/es/film984792.html> (BACH)

SORRY, WE MISSED YOU (Crise económica, Economía (Falsos autónomos,); Inglés)

<https://www.filmaffinity.com/es/film747709.html> (BACH)

YOUR NAME: (LGTBI; literatura, PLástica)

<https://www.filmaffinity.com/es/film307521.html> (DENDE 3º ESO)

2 SERIES:

Fate/Zero y Fate/Stay Night. (HISTORIA)

<https://www.filmaffinity.com/es/reviews/1/994540.html> DENDE 2º ESO

CAPÍTULOS DO " MINISTERIO DEL TIEMPO" (DENDE 4º ESO) (Historia)

<https://www.filmaffinity.com/es/film693487.html>

<https://www.rtve.es/television/20200417/ministerio-del-tiempo-tres-capitulos-favoritos-ministericos/2012290.shtml>